



Museo  
Colexiata de Sar



FUNDACIÓN  
CATEDRAL  
DE SANTIAGO

## Itinerario temático e actividades

---

# **PEDRAS QUE FALAN** **UN DIÁLOGO CO PATRIMONIO PÉTREO**

1º 2º e 3º de Educación Primaria

Proxecto creado por  
Marina Pérez Toro e Lucía Hidalgo Portomeñe

# PRESENTACIÓN

Aos pés da cidade histórica de Santiago, érguese o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, chamada así por ubicarse no agradable barrio que o río do mesmo nome atravesa.

As súas orixes remóntanse ao ano 1136, cando se fundou como a primeira comunidade agostiña de Galicia, en tempos do arcebispo Xelmírez. As boas relacións coa Catedral, ademais de convertela nun importante referente eclesiástico, quedaron reflexadas na súa estrutura orixinal, onde as influencias románicas da basílica xacobeana son destacables. A igrexa, que no século XVI se converteu en colexiata, sufriu unha serie de remodelacións arquitectónicas que acabaron por conferirlle a mestura estilística que hoxe a caracteriza.

O edificio do antigo priorado tamén sufriu modificacións, converténdose no 1985 en Museo de Arte Sacra da man do párroco Don José Porto Buceta, que nese afán integrador non só evitou que a construción caese no esquecemento, senón que xerou unha perfecta coherencia entre contedor e contido, dotando ás obras dun contexto que facilita a súa interpretación.

As tarefas de adecuación museolóxicas e museográficas necesarias para a súa reapertura despois dun tempo pechado por falta de recursos económicos, foron posibles grazas a un proxecto de xestión cultural que levou a cabo a Fundación Catedral de Santiago, baixo a marca Compostela Sacra.

Na actualidade, o museo está nunha nova etapa de crecemento coa posta en marcha do proxecto MuSar, que ten como principal obxectivo o estudo, a conservación e a difusión do conxunto monumental e o rico patrimonio que atesoura. Xunto coa publicación dunha nova guía e a creación da páxina web, incorporamos este proxecto educativo cunha oferta adaptada aos diferentes niveis, para que os centros poidan coñecer a riqueza de Santa María Real a de Sar dun xeito autónomo e didáctico, agardando poder ampliálo nun futuro con máis recursos e actividades.

# PEDRAS QUE FALAN

## Un diálogo co patrimonio pétreo

### OBXECTIVOS

- Empregar a observación como medio de investigación.
- Invitar á participación a través da formulación de preguntas coas que interpretar as pezas dun xeito autónomo.
- Reivindicar o patrimonio pétreo e o seu coidado.
- Coñecer a historia e a evolución da Colexiata de Sar.
- Aprender novo vocabulario artístico e arquitectónico.
- Descubrir diferentes tipos de pedra e técnicas empregadas na creación artística.
- Promover a creatividade e o traballo en equipo.
- Fomentar a exposición de contidos en público dende idades temperás.

### METODOLOXÍA

Para poder cumprir os obxectivos expostos anteriormente deseñamos este documento co que o profesorado poderá elaborar un discurso temático de xeito autónomo. A continuación presentamos as obras seleccionadas para artellar a visita; cada unha conta cunha descrición teórica e un enfoque didáctico co que presentala (preguntas, comparacións...). O percorrido foi pensado para realizarse na orde que se presentan as pezas por motivos espaciais, pero queda aberto á libre elección do mestre ou mestra.

Para a dinámica interactiva, será preciso dividir ao alumnado en grupos, recomendamos que non superen os cinco integrantes cada un. A cada grupo entrégaselle ao comezo da visita unha ficha correspondente cunha figura pétreo, nela terá que apuntar os datos máis relevantes dos que falaremos durante a súa análise no percorrido. Ao final da visita, con eses datos e con outros fantásticos imaxinados polo alumando, terán que crear un relato biográfico de cada peza, compartíndoo co resto de compañeiros/-as a través dun ou dunha portavoz.

Se a actividade resultase complexa para o alumnado de menor idade, podería realizarse doutro xeito; ao final da visita cada estudante terá que inventar un breve relato sobre a súa peza pétreo favorita e facer un debuxo que o ilustre.

## INTRODUCCIÓN



As pezas pétreas da Colexiata de Sar e o seu museo alzan a voz para dialogar co alumnado durante un percorrido no que coñeceremos a **evolución histórica** do conxunto monumental. A través dunha análise interactiva descubriremos dende cando, porqué ou para que están aí os elementos arquitectónicos e as figuras esculpidas en pedra. Durante este achegamento máis teórico, obteremos as claves para poder crear ao final da visita un **relato biográfico** en primeira persoa co que suplantar a identidade dunhas cantas figuras. A historia de cada unha completárase cunha parte ficticia creada polo alumnado, fomentando a súa creatividade e enriquecendo a historia que será exposta diante das súas compañeiras e compañeiros para finalizar a actividade **dándolle voz ao patrimonio pétreo**.

### ANTES DA VISITA...

Antes de comezar a visita, sería interesante facerlle ao alumnado unha **breve introdución** do que vai ver:

- *Que é unha colexiata? E un priorado? Que pezas atoparemos no seu museo?*
- *O título da visita é "Pedras que falan. Un diálogo co patrimonio pétreo". Que é o patrimonio? E o patrimonio pétreo?*
- *Que tipos de pedras coñeces? Con que ferramentas se traballa a pedra? Para que se emprega?*
- *Coñeces algunha obra de arte feita en pedra?*

## UN ACHEGAMENTO A SÚA HISTORIA



A fundación do priorado de Sar débese a **Munio Afonso**, antigo membro do cabildo da Catedral e posterior bispo de Mondoñedo, quen no 1134 se retirou a Santiago para fundar nas súas aforas unha comunidade de cóengos baixo a orde de **Santo Agostiño**. Mentres estaba na igrexa de Santiago estableceu relación co primeiro arcebispo de Compostela, **Diego de Xelmírez**, quen asinou o **documento fundacional** do mosteiro o día **1 de setembro de 1136** e impulsou as obras de construción tras a morte de Munio Afonso.

Sobre ese priorado medieval, na segunda metade do século XVIII, construíuse para **residencia** dos cóengos e do prior de Sar, o vasto edificio con aspecto **barroco** que agora atopamos. Unha vez que perdeu a finalidade residencial, as súas estancias adaptáronse para converterse en **salas expositivas**, abrindo as súas portas como **museo** en 1975 por iniciativa do párroco **Don José Porto Buceta**, a quen se homenaxea co **busto** conmemorativo que está preto da porta.

Chama a atención a **decoración heráldica** da fachada: flanqueando a porta atopamos á esquerda o **escudo** de España co *toisón* de ouro e á dereita o do prior que patrocinou as obras, dato que se reflicte na inscrición que corre ao longo do **friso**: "ESTA OBRA FÍXOSE SENDO PRIOR O ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON MANUEL PÉREZ DE GUZMÁN O BO". Ademais, na **clave** do **bocelón** que enmarca a porta aparece o emblema de Sar, a imaxe do **Cordeiro Místico**.

## VOCABULARIO

- **Priorado:** casa na que habitan algúns monxes pertencentes a un mosteiro principal, cuxo abade nomea a un superior, chamado prior para que os governe.
- **Busto:** peza de escultura que representa a cabeza e a parte superior do tórax dunha persoa.
- **Heráldico:** relativo aos escudos de armas dunha familia, cidade, etc.
- **Friso:** banda ornamental nunha parede, que pode ser pintada, realizada noutro material ou formando relevo.
- **Clave:** pedra central con que se cerra un arco ou unha bóveda; neste caso centra o conxunto decorativo.
- **Bocelón:** grosa moldura tipicamente barroca.

## NA VISITA...

Diante da **fachada** do museo, facemos unha **introdución histórica do priorado** adaptada ao nivel educativo e volvemos sobre as cuestións abordadas antes da visita para refrescar a información.

- *Hoxe transformado en museo, o antigo priorado cambiou a decoración da súa fachada. Que elementos atopamos decorándoa?*
- *Que é un escudo? Que poden representar os escudos? Coñeces algún?*
- *Sodes capaces de atopar un cordeiro na decoración? Onde?*
- *Na fachada aparece unha inscrición, que é iso?*
- *Toda esta decoración sobre que está feita? Que tipo de pedra é? Falar da abundancia do granito en Galicia, dos seus diferentes tipos, etc.*

Unha vez realizada a introdución dividimos o alumnado en **grupos** e entregamoslle a cada un unhas das **fichas** que aparecen ao final deste documento impresas (a poder ser cunha carpetiña suxeita-papeles para facilitar a escrita) e un lápiz. Explicamos a dinámica a seguir durante a visita e a actividade que realizaremos ao final. Ao traballar en grupos terán que escoller unha persoa que escriba e outra que sea a portavoz, participando activamente todos e todas á hora de recoller as características das pezas e elaborar o relato final coa parte ficticia.



## MUSEO

Durante esta visita accederemos aos tres espazos que conforman o conxunto monumental: o museo, o claustro e a igrexa. Comezamos o noso percorrido polo **museo**, o cal se articula en **catro salas**. Nelas podemos ver un amplo repertorio de pezas que, cunha ordenada liña argumental, cóntannos a historia desta comunidade agostiña dende a súa fundación como priorado, pasando pola transformación a colexiata e definitivamente, a parroquia da arquidiocese de Santiago.

Esta evolución materializase en coleccións de distinta natureza: a **documental**, na que destaca o documento fundacional ou o certificado que rexistra o privilexio do *yantar del rey*; a de **tallas de madeira policromada** con exemplos como a Sagrada Familia, San Roque ou San Blas, así como crucifixos do recoñecido escultor José Ferreiro; a de **ourivaría**, representada con cálices, ostensorios, pracas de mordomía, incensarios ou cruces procesionais; a de **indumentaria litúrxica**, con capas de auga ou panos umerais; e por último e na que nos centraremos, a colección de **restos escultóricos** que atopamos na primeira sala.



### NA VISITA...

Xa no museo, faremos un percorrido por todas as súas salas sen deternos na explicacións das pezas, só para mostrar os catro espazos e poder identificar que **tipos de pezas** se expoñen, os seus **materiais** e a súa **función**. Podemos ir ata a cuarta sala e facer un itinerario inverso ata chegar á primeira onde si nos deteremos para falar dos **restos arqueolóxicos**.

## A COLECCIÓN ARQUEOLÓGICA

O Museo Colexiata de Sar destaca pola súa ampla colección de **pezas de escultura románica e gótica** que proceden tanto do **claustro** medieval como da propia **igreja** de Santa María a Real. Nos seus fondos consérvanse un gran número de capiteis, cimacios, bases e dovelas, que, polo seu estilo, demostran a participación de escultores do taller do Mestre Mateo na construción do claustro e a súa finalización nunhas datas avanzadas do século XIII.

Sen embargo, esta rica colección non está musealizada ao completo, atopando na primeira sala os significativos exemplos cos que traballaremos: un capitel con cimacio e unha gárgola.

### CIMACIO, CAPITEL E BASE CUÁDRUPLA



#### PARTES DUNHA COLUMNA

- **Capitel:** peza situada na parte superior da columna que sostén a arquitrabe ou serve de arranque dun arco.
- **Cimacio:** elemento que vai sobre o capitel e serve para aumentar o plano superior de apoio.
- **Fuste:** parte alongada dunha columna, comprendida entre a base e o capitel.
- **Base:** parte inferior da columna sobre a que se apoia o fuste.



Este conxunto fálanos dunha única peza que se ubicou no **claustro** da colexiata, espazo que visitaremos máis tarde e no que explicaremos as características estilísticas e a súa transformación. Na sala abordaremos a peza dun xeito **descritivo**, identificando as tres partes e analizando a súa decoración.

O **cimacio**, datado no primeiro terzo do século XIII, presenta unha **decoración vexetal** conformada por palmetas inscritas nun tallo ovalado. A labra busca o **volumen das formas** e os efectos de **claroscuro**, polo que segue os modelos e o estilo do taller mateano da Catedral de Santiago. Pola contra, o **capitel** xa se corresponde co segundo terzo do século XIII, coincidindo coa segunda fase de construción do claustro, onde veremos como os piares macizos que se empregaron ao principio se substituíron por grupos de catro columnas cun capitel cuádruplo labrado nunha soa peza como o que temos aquí. Neste caso, na decoración vexetal **aparecen figuras animais e rostros humanos** e os **contrastos lumínicos suavízanse**.

### NA VISITA...

Na primeira sala imos deternos en dúas pezas, a primeira é o conxunto de **cimacio e capitel** coa súa correspondente **base cuádrupla**.

- *Que é isto?*
- *Está enteira?*
- *Que parte está reconstruída? Aproveitamos para nomear as partes da columna.*
- *A función dunha columna é mostrarse nun museo como se fose unha escultura?*
- *Que función teñen as columnas?*
- *Onde se atoparía antigamente? Volveremos sobre ela no claustro.*
- *En que está realizada?*
- *Imos deternos na súa decoración a ver que nos conta: como se decorou o cimacio? e o capitel?*
- *Como está o rostro desta persoa, emocionalmente falando?*
- *Que parte vos parece mellor feita, a do cimacio ou a do capitel? Por que?*
- *Credes que se fixeron no mesmo momento?*

Unha das fichas correspóndese coa figura humana do capitel polo que lle recordamos ao grupo que vaia apuntando información coa que logo artellar o relato.

## GÁRGOLA EN FORMA DE LEÓN



Nesta primeira sala tamén atopamos unha **gárgola con forma de león** que debeu servir para evacuar a auga dos tellados da igrexa ou do priorado. Grazas a fotografías antigas, sabemos que se empregou durante moito tempo como **un dos canos da fonte do claustro**.

Ao igual que ocurría co capitel e o cimacio, se nos fixamos na maneira de labrar podemos coñecer a época na que foi feita. Os caracois da melena do animal remítenos aos **modelos mateanos**, polo que a súa factura debe situarse na primeira metade do século XIII.

### NA VISITA...

A segunda peza a traballar neste espazo é a **gárgola con forma de león**; a cal ubicamos cronoloxicamente na época da construción do cimacio que acabamos de ver pola maneira de labrar que identificamos co taller do Mestre Mateo (explicamos a importancia desta figura e a súa participación na Catedral de Santiago se o consideramos).

- *Que aparece representado nesta peza?*
- *Que tipo de animal é? Por que o credes? Podemos aproveitar a mención aos caracois da melena para falar da súa cronoloxía.*
- *É unha escultura ou ao igual que a columna tería outra función?*
- *Que vos chama a atención do león? Fixádevos na boca...*
- *A boca está tan aberta porque dela saía auga, ond estaría ubicada entón?*
- *Explicamos que é unha gárgola e que estivo ubicada nos tellados.*
- *Esta peza tamén estivo no claustro, imos saír a continuación a ese espazo e a ver se adiviñades onde se puido ubicar.*

Lembrámoslle ao grupo que teña a ficha da gárgola que vaia tomando notas sobre ela.

## CLAUSTRO DO PARAÍSO

Dende a primeira sala volveremos á recepción para acceder ao **claustro** da colexiata. Todo parece indicar que o obradoiro compostelán encargado de rematar a catedral, o do **Mestre Mateo**, foi o responsable do levantamento das obras do claustro. Da primitiva construción medieval tan só se conservan **nove arcadas na súa galería norte**, que discorren paralelas ao muro sur da igrexa. Os seus elementos revelan unha clara evolución estilística e cronolóxica do **románico ao gótico**, cuxa variación se aprecia a medida que se avanza do lado leste cara o oeste. Ademais da función estrutural de **distribuir e ordenar as distintas dependencias** que conformaban o conxunto, atopamos unha segunda funcionalidade, a de **evocar o Paraíso Terreal**, un mundo alonxado do axetreo da cidade, seguindo o modelo paradisíaco relativo ao Antigo Testamento.



Para acadar esta imaxe simbólica empregáronse varios recursos: primeiro, a **vexetación esculpida** nas arcadas das súas galerías e en case todos os elementos arquitectónicos (bases, capiteis, cimacios); en segundo lugar a **vexetación real** que enchía como agora o patio central; por último, coa presenza da **auga** a través da **fonte** que hoxe preside o centro do patio e que antigamente contaba con catro canos evocando os **catro ríos do Edén** bíblico: Tigris, Éufrates, Pisón e Guijón. Nun deses catro canos foi onde se ubicou a **gárgola** vista anteriormente. Está labrada nun **único bloque** de granito e decorada cuns **gallóns**.





Irremediabilmente perdido na súa maior parte pola construción do actual no **século XVIII**, só podemos imaxinar a súa beleza a partir dos **nove arcos da galería norte**, milagrosamente conservados, e polos abundantes restos pétreos como os que vimos anteriormente nas salas do MuSar. No corredor orixinal atopamos unha galería que se caracteriza pola **exuberancia decorativa**; case todos os elementos arquitectónicos presentan formas vexetais e en ocasións animais.

Estilisticamente, e conforme avanzamos cara o oeste, apréciase unha evolución dende as **formas do románico** cara outras que anuncian a **estética gótica** e que ilustra á perfección o ambiente artístico compostelán do primeiro terzo do século XIII no que, xunto aos talleres que seguen fieis á influencia do Mestre Mateo, aparecen outros que introducen xa o novo estilo gótico. Isto vémosto no cambio dos **piases macizos** por unha composición de **capitel cuádruplo sobre catro finas columnas**, que crean un ritmo máis lixeiro e aberto, e diminuen o efecto de claroscuro presente na labra máis antiga suavizando as formas e os contrastes.

### NA VISITA...

Continuando co discurso, ao adentrarnos no claustro animamos ao alumnado a atopar onde se ubicaría a gárgola no pasado.

- *Hai algún elemento que teña cousas en común coa gárgola? A auga da fonte.*
- *Quen se anima a describir a fonte? Materiais, canos, forma, decoración...*

Unha vez explicada a simboloxía da fonte, centrámonos na outra peza que acabamos de ver, a columna.

- *Que lado do claustro presenta as características que vimos na columna? Imos á galería norte explicando porqué o resto hoxe presenta esa aparencia diferente.*
- *Que sosteñen as columnas?*
- *Como están decoradas?*
- *Se percorremos este lado, notamos algunha diferenza?*
- *Como son os primeiros piares? E as últimas columnas?*
- *Explicamos grosso modo a evolución do románico ao gótico ubicando a columna do museo no novo estilo.*

## PEDRAS QUE FALAN

Nestes recadros proporcionamos algunhas ideas coas que facilitar a creación do relato dos diferentes personaxes pétreos que cobrarán vida a través do alumnado ao final da visita. Como recomendacións xenéricas propoñemos darlles un **nome**, facer referencia a **época** na que foron creados, ás diferentes **ubicacións** que ocuparon ou á descrición da súa **decoración**.

### A gárgola con forma de león

- Que pezas coas que comparte sala no museo lle caen mellor e cales peor.
- Se non fose un león, que animal lle gustaría ser.
- En cal das tres ubicacións estivo máis contenta; cousas boas e malas de cada unha.
- Que flores e plantas decoraban o claustro antigamente.

### Personaxe do capitel cuádruplo

- Como de cansado era o seu traballo tendo que aguantar o peso das arcadas.
- Como experimentou as obras do claustro; que compañeiros/-as tiña antigamente nas galerías e se os/as bota de menos.
- Que pasou coas súas catro columnas; onde se atopan agora.
- En que outra edificación lle gustaría ter vivido.



## LUGAR DE ENTERRAMENTO

Outro eixo temático é o emprego do claustro como **lugar de enterramento**. Non é de extrañar que este espazo fose empregado para esta función xa que estaban prohibidos os enterramentos dentro da igrexa, e ademais, que mellor lugar para o descanso eterno que un que evocase o Paraíso ao que todo cristián aspira.

Actualmente, esta funcionalidade queda representada a través dos tres sepulcros que se dispoñen ao longo do corredor norte, obras de primeira calidade da **escultura gótica** galega. Todos eles responden a unha mesma tipoloxía: **sepulcro con xacente**.

Realizados integramente en pedra, constan de dúas partes principais: por unha banda o contedor do corpo, o espazo onde repousa o cadáver e que pode incluír nos seus laterais decoración escultórica ou inscricións; e por outra temos a **lauda**, a parte superior que pecha o sarcófago incluíndo neste caso a figura do xacente, é dicir, unha escultura da persoa morta. Esta parte superior non se conserva nun dos exemplos, pero todo apunta a que responde a esa tipoloxía.

Nas **inscricións** laterais adoita figurar a identificación do xacente, o nome, o seu cargo e o día da morte, por exemplo: "Aquí xace Bernardo Arias noutro tempo cóengo de Santiago que morreu o día 5 de maio era de 1329" (ano 1291).



## NA VISITA...

Antes de deixar o claustro, imos analizar outro dos elementos protagonistas: **os sepulcros**.

- *Que son estas pezas pétreas?*
- *Como podemos saber quen está enterrado dentro?*
- *Por como van vestidas estas persoas, a que se podían adicar?*

Unha vez familiarizados/-as cos sarcófagos, adentrámonos na igrexa para traballar sobre un concreto antes de explicar o interior do templo.

## SEPULCRO DO ARCEBISPO BERNARDO II



Moi preto do acceso ao interior da igrexa atopamos o **máis antigo sepulchro** coñecido dun **arcebispo compostelán**. Corresponde a don **Bernardo II**, que faleceu o 20 de novembro de 1240. Sobre a cuberta esculpiuse en medio relevo a figura do xacente vestido con **traxe de pontifical** de ríxidos pregos. Leva luvas bordadoas, dous aneis e un **báculo en tau** que empregaban os arcebispos compostelanos, como forma de diferenciación e reivindicación postólica. A calidade da súa labra convérteno nun bo exemplo da simbiose existente nos talleres composteláns do século XIII entre a tradición mateana e os novos aires góticos. De feito, foi o taller goticista o que se encargou de levar a cabo unhas obras na parte oriental do claustro encargadas por Bernardo II cando chegou a Sar: unha hospedaría e unha capela adicada a Santa María Magdalena para albergar o seu sepulchro, o cal é o único que conservamos deste conxunto.

## NA VISITA...

Detémonos diante do **sarcófago** e dialogamos sobre el:

- *Aquí atopamos outro exemplo de sarcófago, é da mesma tipoloxía?*
- *Que partes diferenciamos?*
- *Na inscrición lateral aparece o nome do defunto, alguén o atopa?*
- *Como representan na escultura a Bernardo II? Que leva posto?*
- *A que se puido adicar?*

Lembrámoslle aos grupos que un deles ten a ficha correspondente con esta peza para que apunte información.

## Sepulcro de Berardo II

- Porqué escolleu pasar os seus últimos anos en Sar.
- Como era a súa personalidade.
- Cal era a súa parte favorita da Colexiata.
- Que pon na outra inscrición lateral que non podemos ver.
- Impresións da xente cando ve a colexiata inclinada.
- Como era a bóveda da cabeceira cando estaba toda pintada.

## INTERIOR DA COLEXIATA





Deténdonos a continuación no interior da igrexa, comprobamos como a **planta é basilical** con tres naves, sendo a central de maior altura. Todas rematan nunha **cabeceira** con outras tantas **capelas absidiais**. A bóveda da capela maior é a única que conserva **restos pictóricos**, aparentemente do século XVI. O mal estado dificulta a identificación do que se representa, pero todo apunta a un **fragmento da Virxe da Misericordia**, da que só podemos contemplar a parte inferior da súa vestimenta. Á súa dereita pode apreciarse unha figura masculina, en actitude orante, tras a que aparecen varios personaxes. É moi probable que existise unha composición figurativa similar, incluso simétrica, á esquerda da Virxe.

Entre 1485 e 1505 refíxose a **bóveda da nave central** da igrexa, quedando o **escudo** do que por aquel entón erar prior, Gómez González do Canabal, nunha dovela do arco toural inmediato á capela maior. Crese que foi esta intervención a que provocou a **desestabilización** da estrutura arquitectónica, que ata aquel momento se conservaba en perfecto estado, inclinándose perigosamente os seus muros laterais e os piares que separan as naves; algo que se converteu nunha das características máis singulares do edificio e un dos seus principais atractivos.



Sen embargo, este feito chegou a ameazar a súa integridade. No século XVIII, o arquitecto **Fernando de Casas Novoa** emitiu un informe onde explicaba que a igrexa estaba en ameaza de ruina, proponendo a súa demolición e posterior reconstrución. Finalmente evitouse reparándoa de xeito definitivo en 1732, coa reedificación da metade superior da fachada principal e a elevación dos potentes **arcobotantes** que reforzan a estabilidade dos muros dende o exterior.

Para admirar estes imponentes arcobotantes podemos saír ao exterior pola porta de acceso do museo e situarnos no muro lateral norte da igrexa, donde veremos como seis contrafortes reforzan o muro uníndose a través de arcos de medio punto, creando estabilidade tectónica pero tamén un ritmo decorativo de gran beleza.



### NA VISITA...

Unha vez analizado o sepulcro detémonos no interior da igrexa, describindo a súa planta:

- *Aos pasillos nombrámoslos naves, cantas ten esta igrexa?*
- *Onde rematan? Que hai en cada capela?*
- *Que vos chama a atención da capela central? Que podería estar representado aí?*
- *Non hai nada que vos chame a atención máis que as pinturas murais?*
- *Que sensación tedes se vos fixades nos muros e os piares?*
- *Por que non chega a caer a estrutura?*
- *Como o solucionariades vós?*
- *Hai algunha peza que vos recorde a outra xa vista no claustro? A fonte e a pila bautismal.*

Sáímos ao exterior e dirixímonos ao muro lateral norte para explicar alí que son e como actúan os contrafortes, podendo exemplificalo con dous voluntarios, un que deixe caer o peso do seu corpo e outro que o suxeite creando un arco cos brazos.

- *Cantos hai? Por que reciben este nome?*



## EXTERIOR DA COLEXIATA

Unha vez analizados os contrafortes, remataremos a visita falando da súa **cabeceira** e a decoración presente nalgúns elementos arquitectónicos. Exteriormente a cabeceira posúe unha **ábsida central** máis ancha e alta que as **dúas laterais** de planta semicircular. Esta ábsida presenta unha estrutura **poligonal** que ademais contrasta coa sinxeleza das outras coa súa elaborada articulación notable principalmente en ventás e semicolumnas.

Un elemento que conecta estilisticamente as tres ábsidas é o seu remate nunha **cornixa** sostida por **modillóns**, todos eles cunha iconografía variada. A súa decoración está en relación coa intensa **actividade intelectual e cultural** desenvolta na Compostela medieval; de aí a continua representación na ábsida central de **figuras humanas sedentes que suxeitan un libro** nas súas mans. Sen embargo, nos modillóns tamén hai referencias á **cultura popular**, podendo atopar imaxes moi curiosas e simpáticas, como a do **personaxe que suxeita** con todas as súas forzas un animal que podería ser un **porco** ou un xabaril, ou a figura dun **acróbata** que resalta entre os motivos vexetais e zoomórficos da ábsida norte.



### VOCABULARIO

- **Cornixa:** parte saínte ornamental formada por molduras superpostas, que coroa un edificio por debaixo do tellado.
- **Modillón:** elemento arquitectónico saínte que neste caso sostén a cornixa.
- **Ábsida:** construción con planta xeralmente semicircular, cuberta cunha bóveda, que sobresa e na parte posterior dun templo e onde se sitúa o altar maior.

## NA VISITA...

Para ir finalizando percorrermos o exterior da colexiata fixándonos na **cabeceira e a súa decoración**:

- *Que partes ten a cabeceira? En que se diferencian a ábsida central e as laterais? Tamaño, forma, decoración...*
- *Como son as columnas da cabeceira? Identificamos as partes e describímolos.*
- *Explicamos o que é unha cornixa e un modillón e procedemos a ir identificando as diferentes figuras esculpidas neles. Que aparecen representados nos modillóns? Que están a facer eses personaxes?*
- *Detémonos nos tres vistos anteriormente xa que se corresponden con dúas fichas do alumnado: o sedente lendo e o acróbata.*
- *Que outras figuras incorporariades vós para decorar os modillóns?*
- *So hai figuras nos modillóns da cabeceira? En que outros elementos atopamos figuras? Como se chaman? Que hai esculpidas? Hai unha cabeza de león nun dos capiteis da ábsida lateral norte que podemos usar de exemplo.*

### Figura sedente lendo

- O que está lendo.
- Cales son os seus libros favoritos
- Se le en voz alta e a quen.
- Se ten mais compañeiros/-as que estén facendo o mesmo.

### Acróbata

- Como se chama a acrobacia que está facendo.
- Que outras acrobacias sabe facer.
- Como se sinte rodeado dos animais dos capiteis.
- Onde lle gustaría estar se non fose nun modillón.

## O EMBLEMA DA COLEXIATA

Antes de finalizar a visita, merece a pena alonxarse un pouco e erguer a mirada na zona da cabeceira. Se atopamos a perspectiva idónea, seremos capaces de contemplar dúas pequenas figuras pétreas que coroan tanto o tellado da ábsida central como o da cuberta da igrexa. Trátase do **Agnus Dei**, o elemento simbólico e decorativo que vimos nada máis comezar a visita enmarcado a porta de acceso ao museo.

Así mesmo, esta representación estaría presente tamén no punto máis alto da antiga fachada principal, portando unha cruz sobre o seu lombo, a cal se conserva ao reubicarse sobre a **espadana** moderna que hoxe serve de campanario.

Agnus Dei, **Cordeiro de Deus**, ademais de ser o nome dunha oración católica, é un concepto simbólico que establece un paralelismo entre Cristo e o animal. O cordeiro vincúlase coa pureza e a inocencia, e ao igual que Cristo, foi escollido para o sacrificio ao longo da Historia. Tamén coñecemos a Cristo como o bo pastor.



### VOCABULARIO

- **Espadana:** campanario dunha soa parede, que se eleva xeralmente sobre a fachada principal e ten un ou máis vans.

## NA VISITA...

Como remate fixémonos nos tellados e analizamos a figura do **Agnus Dei**:

- *Que figuras hai no tellado? Que animal pode ser?*
- *En que outro lugar vimos un cordeiro de pedra?*
- *Se o léon é un animal que simboliza a forza e a protección, que pode simbolizar un cordeiro?*
- *Se tivesedes que escoller un animal que vos representase cal sería?*

*Podemos ir a fachada para observar a cruz que antes portaba un dos cordeiros.*

## Agnus Dei

- Que están vixiando dende arriba.
- Por que un xa non ten a cruz no seu lombo.
- Algún conto sobre o cordeiro e o léon que está presente no capitel da ábsida lateral.
- Se se comunican cos paxariños que se pousan no tellado.

















Museo  
Colexiata de Sar



COMPOSTELA  
**SACRA**



FUNDACIÓN  
CATEDRAL  
DE SANTIAGO